

Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

OUTRAS ENTIDADES

CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Persoal, oposicións

CONVOCATORIA E BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PROCESOS SELECTIVOS PESSOAL LABORAL FIXO

CONVOCATORIA E BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REXERÁN OS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR OS POSTOS VACANTES NO CADRO DE PESSOAL LABORAL FIXO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2024 E 2025 PUBLICADAS NO BOPPO DE DATA 25/03/20205, Nº 57 E 11-09-2025, Nº 173).

A Presidencia do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, mediante Resolucións da Presidencia de data 10/11/2025, nº 2025-0182 e 14/01/2026, nº 2026-0002, RESOLVE:

1º.- Aprobar a convocatoria de procesos selectivos para cubrir os postos de traballo vacantes no cadro de persoal laboral fixo do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2024 e 2025, aprobadas mediante Resolución da Presidencia de data 27/02/2025, nº 2025-0037 e Resolución da Presidencia de data 08/09/2025, nº 2025-0143, e publicadas no BOPPO de data 25/03/20205, nº 57, e no BOPPO de data 11/09/2025, nº 173, respectivamente, que se rexerán polas seguintes:

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REXERAN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR OS POSTOS VACANTES NO CADRO DE PESSOAL LABORAL FIXO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024 E 2025 .

1) BASES XERAIS

Primeira. Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto cubrir vacantes no cadro de persoal laboral fixo do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, incluídas na oferta de emprego público do ano 2024 e 2025.

Segunda. Número e características das prazas convocados

O número de postos de persoal laboral fixo vacantes, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Nº	Gr	Denominación	Clasificación profesional	Oferta de Emprego Público
1	C2	Bombeiro-condutor/a	Bombeiro-condutor/a	2024
2	C1	Xefe parque	Grupo mandos, xefe/a de parque	2025
16	C2	Bombeiro-condutor/a	Bombeiro-condutor/a	2025

Terceira. Sistema de selección

O sistema de selección determínase nas bases específicas de cada unha delas.

Cuarta. Requisitos das persoas aspirantes

1) Con carácter xeral, para ser admitidas na realización das probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais dos establecidos nas respectivas bases específicas de ingreso:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais doutros Estados en condicións de igualdade.
- b) Ter feitos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015.
- c) Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido nas bases específicas para ingresar na praza ou posto o día en que remate o prazo de presentación de instancias.
- d) Posuír ou estar en condicións de obter o permiso de conducir CLASE C o día en que remate o prazo de presentación de instancias.
- e) Non estar atoparse afectado por algunha das doenzas das relacionadas no Cadro de Exclusiones médicas, que figura como Anexo III das presentes Bases.
- f) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto á que aspira.
- g) Non estar separadas por un expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala funcional do que estivesen separadas ou inhabilitadas. No caso de ser nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin estar sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- h) Non encontrarse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

- i) Ingresar a cantidade fixada como dereitos de exame no recibo que se emite xunto coa solicitude de participación.
- j) Cumprir os demais requisitos esixidos nas respectivas bases específicas para o ingreso.

2) As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes, sendo responsabilidade de quen presente a solicitude a veracidade dos datos e o cumprimento dos requisitos indicados.

Igualmente deberá conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral fixo.

Quinta. Presentación de solicitudes

1) As solicitudes para tomar parte nestes procesos selectivos iran dirixidas ao Sr. presidente do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e presentaranse preferentemente a través da Sede electrónica do Consorcio Provincial de Pontevedra, mediante instancia xenérica dispoñible na mesma <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>, á que se achegará o ANEXO I SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESOS SELECTIVOS, dispoñible na páxina Web: www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos e a documentación sinalada na base sétima.

Para a presentación das solicitudes a través do rexistro electrónico, a Sede electrónica do Consorcio Provincial de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído DNle).

2) Opcionalmente, poderán presentarse en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante LPACAP).

3) Para ser admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

4) As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte.

Sexta. Prazo para a presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes de participación nestes procesos selectivos será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE), mediante extracto e previa publicación do texto íntegro das bases e da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e do extracto no Diario Oficial de Galicia (DOG).



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Sétima. Documentación a achegar coa solicitude

As persoas solicitantes deberán achegar, xunto coa instancia xenérica da que dispón a sede electrónica e a de solicitude ANEXO I SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESOS SELECTIVOS, a seguinte documentación:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante
- b) Títulos acreditativos da titulación esixida para cada un dos postos incluídas nesta convocatoria.
- c) Permiso de conducir CLASE C
- d) Certificado médico ou informe de saúde, en impreso oficial e asinado por un colexiado en exercicio, no que preferentemente se faga constar que “o opositor reúne as condicións precisas para realiza-las Probas Físicas que figuran no anexo destas Bases”.
- e) Título do Celga III (C2) e Celga IV (C1) ou equivalente debidamente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, en caso de requirir a exención do exame de tradución.
- f) Resgardo acreditativo do ingreso o dereito de exame.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos achegados.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a mostra do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Oitava. Dereitos de exame

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas aboar, dentro do prazo de presentación de solicitudes, os dereitos de exame e os gastos de tramitación que no seu caso determine a entidade bancaria. A falta de pagamento neste prazo non será emendable. Os dereitos de exame poderanse pagar mediante ingreso na conta bancaria que este Consorcio ten aberta en ABANCA Corporación Bancaria, S.A. ES33 2080 5401 5631 1018 9890.

As cantidades que se aboarán en concepto de dereitos de exame serán as seguintes:

- Xefes de parque, Grupo/subgrupo C1: 15,00 €
- Bombeiros/as condutores, Grupo/subgrupo C2: 12,00 €

Segundo a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame da Deputación Provincial de Pontevedra (BOPP de data 16 de xaneiro de 2020, nº 10).

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude, segundo o disposto na base quinta.

Os dereitos de exame reintegraráselles ás persoas interesadas que sexan excluídas definitivamente da lista de persoas admitidas, previa solicitude presentada a través de instancia xenérica na sede electrónica: <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra>.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

sedelectronica.gal/info.1, a que achegaran un certificado de conta bancaria ou documento que acredite a titularidade de conta na que se vai realizar a devolución.

Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento levaranse a cabo preferentemente por medios electrónicos (registro electrónico) a través de instancia xenérica dispoñible na Sede electrónica deste Consorcio:

<https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>

Tamén será posible, opcionalmente, facelo de forma presencial en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décima. Admisión das persoas aspirantes

1) Unha vez rematado o prazo de vinte (20) días hábiles fixado para presentar as solicitudes, o presidente ditará unha resolución, no prazo máximo dun (1) mes, na que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas e se especificará, no seu caso, os motivos da exclusión. Esta lista publicarase, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, no BOPPO e no taboleiro electrónico do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos.

2) As persoas excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no BOPPO, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión, a través de instancia xenérica, dispoñible na Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>

De producirse reclamacións, deberá ditarse unha nova resolución na que se estimen ou desestimen, e a lista definitiva publicarase no BOPPO e no taboleiro electrónico do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos.

3) Contra a resolución do presidente, na que se aproba a lista definitiva, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 123 da LPACAP), ou ben un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4) O feito de figurar como incluídas na relación de persoas admitidas non significa que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no caso de que as persoas admitidas superasen as probas selectivas.

Décima primeira. Ampliación do prazo nos supostos de non dispoñibilidade da Sede electrónica

1. No caso de que o último día do prazo se produza unha incidencia técnica que imposibilite o funcionamento da Sede electrónica Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, o prazo afectado ampliarase automaticamente ata o seguinte día hábil, en beneficio de todas as persoas interesadas no procedemento, aínda que esta ampliación só producirá efectos para a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións por medios electrónicos.
2. Para que se produza a ampliación automática do prazo, segundo o previsto neste artigo, será necesario que a incidencia teña unha duración continuada superior a 1 hora nas últimas 24 horas, ou de menos de 1 nas últimas 12 do prazo.
3. Deberá constar no expediente esta incidencia técnica, o tempo que permaneceu inactiva a Sede electrónica e, na medida do posible, as súas causas, mediante un certificado expedido por GESTIONA.

Décima segunda. Tribunal cualificador

1) Os membros dos tribunais cualificadores designaraos o presidente, segundo o disposto no artigo 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, así como no artigo 60 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP); terase en conta a paridade entre mulleres e homes.

2) O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, sen que poida exercerse en representación nin por conta de ninguén.

3) A composición do tribunal axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para acceder á praza ou posto convocado.

4) Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, o funcionariado interino nin o persoal eventual.

5) Cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen ou o requiran, o tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesoras e asesores especialistas, que se limitarán a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas.

6) Antes de que teña lugar cada unha das probas, e xuntamente coa lista definitiva de persoas admitidas, publicarase no BOPPO, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e na páxina



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

do Consorcio a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

7) Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, e informar o presidente, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da LRXSP.

8) O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente; entenderase validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

9) A partir da sesión de constitución, o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na LRXSP e nas bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria.

10) O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas con discapacidade gocen de similares condicións para realizar os exercicios que as do resto de aspirantes, e disporá, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

11) No caso de ausencia da presidenta ou presidente titular ou suplente, actuará no seu lugar a ou o vogal designado en primeira orde.

12) Os membros do tribunal e o persoal asesor que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo segundo a contía legalmente establecida.

Décima terceira. Características das probas selectivas

Os procedementos de selección, en fase de oposición, consistirán en probas de coñecementos xerais e específicos tipo test, probas físicas e probas físico profesionais, en virtude da natureza e as funcións dos postos de traballo que vaian desempeñar as persoas seleccionadas, conforme se describen nas bases específicas para cada posto.

Na fase de concurso valorarase as condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia alegados conforme ao baremo descrito nas bases específicas de cada posto.

O proceso selectivo consta de tres fases:

I FASE: PROBAS DE OPOSICIÓN. Teñen o carácter de obrigatorio e eliminatorio. Constan de 4 exercicios aos que lles outorgará unha puntuación total de 60 puntos, segundo a seguinte distribución:



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

PROBAS OPOSICIÓN	PUNTUACIÓN 60	
	XEFES DE PARQUE	BOMBEIROS
EXAME TIPO TEST	45 PUNTOS	35 PUNTOS
PROBAS FÍSICAS	15 PUNTOS	25 PUNTOS
PROBAS FÍSICO PROFESIONAIS	Apto / Non apto	Apto / Non apto
COÑECEMENTO LÍNGUA GALEGA	Apto/ Non apto	Apto/Non apto

II FASE: CONCURSO: A suma das puntuacións obtidas no concurso terá unha puntuación máxima de 40 puntos, segundo a seguinte distribución:

CONCURSO DE MÉRITOS	40 PUNTOS
EXPERIENCIA PROFESIONAL	21 PUNTOS
MÉRITOS ACADÉMICOS	5 PUNTOS
CURSOS	14 PUNTOS

III FASE: PROBAS DE CAPACITACIÓN

Nesta Fase III participarán:

- Xefes de parque: as 5 persoas aspirantes que acaden a maior puntuación final da suma da Fase I e Fase II.
- Bombeiros-condutores: as 40 persoas aspirantes que acaden a maior puntuación final da suma da Fase I e Fase II.

A tal efecto, previa a realización desta fase, o tribunal fará pública a relación ordenada, por orde decrecente de puntuación coa puntuación acadada por cada persoa aspirante, das 5/ 40 persoas aspirantes que acadaron a maior puntuación final da suma da Fase I e Fase II no taboleiro da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio. As persoas aspirantes poderán formular alegacións ou reclamacións ás mesmas no prazo de 2 días hábiles desde o seguinte á publicación.

En caso de empate seguiranse os criterios de desempate definidos nestas bases.

Esta FASE III consta das seguintes probas:

PROBAS PSICOTÉCNICAS	Apto / Non apto
RECOÑECEMENTO MÉDICO	Apto / Non apto
CURSO SELECTIVO	Apto / Non apto

Cada unha das probas ten carácter de obrigatorio e eliminatorio, sendo preciso acadar a cualificación de apto en cada unha delas para superar esta Fase.

As persoas aspirantes que non superen esta fase decaeran do proceso selectivo.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Décima cuarta. Comezo dos exercicios

1) A data e mais a hora en que deberá constituírse cada tribunal, así como o día e a hora de comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas, determinaraas o presidente mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e a composición do tribunal, que se publicará mediante un anuncio no BOPPO e na Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio, polo menos con quince (15) días hábiles de antelación.

2) As persoas aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento; quedarán decaídas no seu dereito as que non comparezan a realizalo, salvo nos casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

3) As persoas aspirantes deberán presentarse para realizar cada exercicio provistas do DNI ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais necesarios para realizalo.

Décima quinta. Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas

1) En calquera momento o tribunal poderá requiririlles ás persoas opositoras que acrediten a súa identidade.

2) A orde de actuación das opositoras e dos opositores para realizar aqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea iniciarase por orde alfabético do primeiro apelido, seguindo a Resolución do 21 de xaneiro de 2025 da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, polo que se fai público o resultado do sorteo ao que fai referencia o Regulamento de selección do persoal da Administración Autónoma de Galicia, letra F, en vigor.

3) Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, para o cal o tribunal poderá utilizar os medios que considere oportunos; quedando automaticamente anulados os exames que conteñan datos que identifiquen a persoa aspirante ou que teñan marcas que puidesen romper o anonimato, así como os que resulten ilexibles. Os exercicios escritos terán lugar a porta pechada sen outra asistencia que a dos membros do tribunal, as persoas designadas por este como colaboradores e as e os opositores, excepto os exercicios físicos que serán públicos.

4) Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe todos os requisitos esixidos na respectiva convocatoria, deberá propoñerlle ao presidente, previa audiencia coa persoa interesada, a súa exclusión e indicar as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

5) Unha vez concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio, a relación de persoas aspirantes que o superasen xunto coa puntuación obtida e



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

a relación íntegra, cos datos persoais anonimizados, das puntuación acadada por cada persoa aspirante. As persoas aspirantes poderán formular alegacións ou reclamacións ás mesmas no prazo de 2 días hábiles desde o seguinte á publicación. A resolución das reclamacións farase pública.

6) A relación de persoas aprobadas en cada exercicio deberá publicarse no taboleiro da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio polo menos 12 horas antes da nova reunión do tribunal cando se trate do mesmo exercicio, e 24 horas antes de tratarse dun novo exercicio.

7) Desde o momento en que remate un exercicio e ata que empece o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de corenta (40) días hábiles.

9) As puntuacións obtidas no exercicio tipo test publicaranse na no taboleiro de anuncios da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio. As persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das respostas correctas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas a través da Sede electrónica mediante instancia xenérica dispoñible na mesma <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>.

Unha vez resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas, ou transcorrido o citado prazo, convocaranse as e os aspirantes que o superaron para realizar o segundo exercicio.

10) Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse un recurso administrativo dealzada ante o presidente que o nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da LPACAP, e a través da Sede electrónica mediante instancia xenérica dispoñible na mesma <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>.

Décima sexta. Cualificación dos exercicios da oposición

1) A cualificación de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios será valorado segundo se sinala nas bases específicas de cada posto.

2) No exercicio tipo test penalizaranse as preguntas mal contestadas.

O tribunal poderá poñer preguntas de reserva, sen que impliquen a ampliación do tempo para a realización do exercicio. Estas preguntas substituirán, por orde correlativa, aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio.

3) O exercicio obrigatorio e eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego será cualificado de apto ou non apto e para superalo será preciso acadar a cualificación de apto.

Quedarán exentas desta proba as persoas aspirantes ás prazas que acrediten o seguinte nivel de coñecemento do idioma galego:



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

- Xefes de parque (C1): Celga IV ou equivalente debidamente homologado
- Bombeiros-condutores (C2): Celga III ou equivalente debidamente homologado

Para a homologación estarase ao disposto na base sétima.

As persoas aspirantes que non acheguen coa solicitude de participación o documento acreditativo do coñecemento de lingua galega do nivel esixido convocaranse á súa presentación a través do rexistro electrónico ou presencial antes de realizar a proba de tradución.

Décima sétima. Documentación acreditativa dos méritos de fase de concurso.

1) Finalizada a FASE I de oposición, as persoas que a superen e reúnan os requisitos da convocatoria terán un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista das candidatos/as que superaron esta fase no taboleiro da sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>, na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio e no BOPP, para a presentación da documentación acreditativa de cada un dos méritos alegados.

2) A presentación da documentación acreditativa dos méritos realizarase por medios electrónicos mediante instancia xenérica dispoñible na sede electrónica do Consorcio <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>, á que se achegará:

- O Anexo II SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESOS SELECTIVOS. MÉRITOS NA FASE DE CONCURSO, dispoñible na páxina Web: www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos
- Documentos acreditativos dixitalizados de cada mérito alegado. Os documentos achegados deberán ter formato PDF.

3) As persoas aspirantes deberán posuír os méritos alegados o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes de participación no proceso selectivo (Base Sexta), sendo responsabilidade de quen presente a solicitude da veracidade dos mesmos.

Décima oitava. Cualificación dos méritos na Fase II de concurso

1) Nesta fase do procedemento comprobaranse e cualifícanse os méritos alegados e xustificadas documentalmente polas persoas aspirantes con referencia á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo.

A valoración da fase de concurso non pode exceder o 40% da puntuación total do proceso selectivo.

2) Os tribunais cualificadores valorarán os méritos específicos adecuados ás características dos postos convocadas, segundo o baremo establecidos para cada un deles nas bases específicas.

3) Cada mérito alegado deberá ter incorporado o seu documento acreditativo e dixitalizado.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

4) A cualificación dos méritos en fase de concurso será posterior á de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>. e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio.

5) Unicamente serán obxecto de valoración os méritos das persoas que superasen a fase de oposición.

6) O tribunal poderá requirirlles ás persoas participantes na fase de concurso deste proceso selectivo que acheguen a documentación orixinal acreditativa de todos ou algún dos méritos alegados así como cantas precisións estimen oportunas.

7) As persoas interesadas poderán formular alegacións ante o tribunal seleccionador no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións outorgadas na Fase II de concurso no taboleiro da sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>. e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio.

8) A puntuación obtida na FASE II de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición.

Décima novena. Cualificación final e relación das persoas aprobadas

1) A puntuación final das persoas aspirantes que superen as probas da Fase III de capacitación, será a resultante da cualificación obtida da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios, á que se lle sumará a puntuación obtida na fase de concurso.

2) Tras determinarse a cualificación final das persoas aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aprobadas por orde de puntuación no taboleiro da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio.

3) O tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de persoas aspirantes ao de prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4) Non obstante, ao cualificar cada unha das probas, o tribunal non terá en conta a limitación anterior, que só se considerará ao formularlle ao presidente a proposta coa relación de aprobados, na que só se incluírán aquelas e aqueles opositores que obtivesen a maior puntuación total final, que nunca poderán superar o número de prazas convocadas en cada proceso selectivo.

5) No suposto de empate nas puntuacións totais finais entre dúas ou máis persoas aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e, se isto non



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

fose suficiente, a puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir, resolverase por sorteo.

6) Todo isto sen prexuízo do disposto na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Vixésima. Presentación de documentos por parte das persoas aprobadas

1) A relación de persoas aprobadas, publicada no taboleiro dixital da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio, conterá unha advertencia na que se lles recordará que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpran os requisitos esixidos para ingresar no emprego público local e acceder á praza a convocada.

2) As persoas aspirantes propostas, dentro do prazo de vinte (20) días hábiles, contados desde a publicación da relación de aprobadas e aprobados, presentarán na Secretaría-Intervención deste Consorcio (Avda. Montero Ríos s/n, edificio administrativo da Deputación Provincial de Pontevedra), xunto coa instancia xenérica que poderán descargar da sede electrónica: <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>, os documentos orixinais acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Certificación de nacemento expedida no Rexistro Civil correspondente
- b) Título académico esixido para o ingreso
- c) Permiso de conducir esixido para acceder ao posto
- d) Certificado médico
- e) Declaración xurada de non estar incursas nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente, nin de ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas, nin inhabilitadas para o desempeño de funcións públicas.
- f) Número da Seguridade Social
- g) Certificado do número de conta bancaria
- h) Documentación xustificativa de calquera outro requisito esixido para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo

que unha vez comprobada a súa autenticidade será debidamente rexistrada de entrada no Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, coa entrega do correspondente xustificante de rexistro á persoa interesada.

Opcionalmente, poderán presentar esta documentación a través da Sede electrónica do Consorcio Provincial de Pontevedra, xunto coa instancia xenérica dispoñible na mesma <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>, ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

común das administracións públicas (en diante LPACAP), neste caso a documentación aportada deberá presentarse debidamente autenticada.

3) Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4) Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo unha causa de forza maior, non poderá ser nomeada persoal laboral fixo nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.

Vixésima primeira. Nomeamento de persoal laboral fixo

1) Concluído o proceso selectivo, as persoas aprobadas, cun número que non poderá exceder en ningún caso o das prazas convocadas, serán nomeadas persoal laboral fixo polo presidente unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

2) A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Presidencia, que ordenará a publicación dos nomeamentos no BOPPO, sen prexuízo da súa contratación unha vez se practique a notificación persoal de nomeamento.

3) A contratación laboral fixa efectuarase dentro do prazo máximo dun (1) mes a partir da publicación do nomeamento; de non o facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas quedarán na situación de cesantes.

4) Os postos de traballo vacantes que se van cubrir como consecuencia destes procesos selectivos adjudicaranse de acordo coas peticións das persoas interesadas segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

5) O período de proba será de dous meses.

Durante o período de proba o/a traballador/a terá os mesmos dereitos e obrigas que o persoal laboral fixo do cadro de persoal da súa mesma categoría profesional, agás os derivados da resolución da relación laboral, que se poderá producir por petición de calquera das partes durante o seu transcurso. As situacións de incapacidade temporal, nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación, violencia de xénero que afecten a persoa traballadora durante este período, interrompen o cómputo do mesmo.

Vixésima segunda. Bolsa de emprego

1. Creación de bolsa de emprego. Obxecto

1.1 Por cada categoría convocada constituirase unha bolsa de emprego temporal para cubrir as necesidades de persoal temporal que poida xurdir nestas categorías en calquera dos parques de bombeiros dependentes deste Consorcio.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Esta bolsa estará constituída, por orde decrecente de maior a menor puntuación, polas persoas aspirantes (15 candidatos/as para bombeiros e 3 candidatos/as para xefes de parque) que superaran o proceso selectivo (Fase I, II e III) e non foran nomeadas persoal laboral fixo e que acepten formar parte da mesma.

De non aceptar ou decaer da aceptación algunha destas persoas aspirantes pasarán a formar parte da bolsa as seguintes persoas candidatas que superaran o proceso selectivo (Fase I, II e III), segundo o orde de puntuación sinalado.

En caso de non acadar un número de 15 candidatos/as (para bombeiros) ou 5 candidatos/as (xefes de parque), ou non chegar a dispoñer deste número de candidatos dispoñibles na bolsa, tamén pasaran a formar parte da mesma persoas aspirantes que superaran a I Fase e que, conxuntamente coa puntuación acadada nesta II Fase, obtiveron a maior puntuación que segue á das persoas aspirantes que foron propostos para ser nomeados como persoal laboral fixo.

En caso de empate nas puntuacións totais finais de dúas ou máis persoas aspirantes este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición. De persistir o empate resolverase por sorteo.

Todo isto sen prexuízo do disposto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para igualdade de mulleres e homes.

1.2 Para elo publicarase a relación de candidatos que reúnen as condicións e as puntuacións no taboleiro dixital da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio e notificaráselle aos interesados/as para que, no prazo de cinco días hábiles desde esta publicación, acepten ou rechacen formar parte da mesma mediante instancia xeral presentada na sede electrónica do Consorcio; entendendo o silencio como rechazo. Neste caso publicaríase unha ampliación desta relación coa incorporación de novos candidatos por orde decrecente de puntuación.

1.3 O persoal da bolsa de emprego estará dispoñible para prestar servizos en calquera dos parques de bombeiros dependentes do Consorcio, efectuando o chamamento por orde decrecente da puntuación obtida.

1.4 O obxecto da Bolsa é responder de maneira inmediata ás propostas de contratacións laborais temporais en calquera das modalidades que permite a lexislación vixente cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Substitución de persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo.
- b) Para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva mediante un contrato fixo.
- c) Outras que poidan xurdir e que fagan necesaria a contratación laboral temporal para o funcionamento do servizo no marco das modalidades vixentes de contratación temporal.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

En todo caso, estes nomeamentos estarán supeditadas ás limitacións establecidas na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano e á existencia de consignación económica no Orzamento ou a lexislación reguladora da duración dos nomeamentos interinos.

2. *Vixencia.*

A bolsa de emprego terá unha duración máxima de tres anos.

Unha vez constituídas e postas en funcionamento as bolsas por cada tipo de posto ou categoría, de chegar a desenvolverse novos procesos selectivos da mesma praza ou posto, actualizarase a súa composición incorporando as persoas participantes coas puntuacións totais acadadas no correspondente proceso selectivo, configurándose de novo a bolsa por orde de maior a menor puntuación coa data de efectos do primeiro día do mes seguinte.

3. *Situación das candidaturas das bolsas.*

As persoas candidatas da bolsa de emprego poderán estar en calquera das seguintes situacións:

- a) Libre ou dispoñible: Situación na que a persoa candidata é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación. No momento no que a bolsa se poña en funcionamento a situación de todos os candidatos será esta.

Así mesmo, pasarán a esta situación as persoas que unha vez rematen o nomeamento como laboral temporal neste Consorcio, e non teñan superado o período máximo de duración das interinidades previsto na lexislación vixente, soliciten de novo a incorporación. A solicitude efectuarase, a través de instancia xeral da sede electrónica do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> no prazo de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o remate do nomeamento. O reingreso na bolsa producirase no lugar que, conforme á ordenación da bolsa, lle corresponda á persoa candidata. A reincorporación á bolsa de emprego farase efectiva o primeiro día hábil do mes seguinte á data de presentación da solicitude do cambio de situación a libre ou dispoñible.

- b) Ocupado: Situación na que a persoa candidata se encontra prestando servizos no Consorcio.
- c) Reserva: Situación na que concorren calquera das seguintes circunstancias:
 - a) Enfermidade que incapacite temporalmente para o desenvolvemento das tarefas fundamentais do posto, en tanto que dure esta situación.
 - b) Maternidade ou paternidade, tanto por natureza como por adopción ou acollemento, ata que a persoa nacida, adoptada ou acollida teña a idade dun ano.
 - c) Embarazo de risco.
 - d) Coidado dun familiar de ata o segundo grao a cargo da persoa candidata da bolsa de emprego cando este, por razóns de enfermidade grave, accidente ou idade, non poida valer por si mesmo e non desempeñe unha actividade remunerada ou dispoña de rendas que superen o salario mínimo interprofesional.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

- e) Atoparse de alta no réxime xeral da Seguridade Social ou en calquera dos réximes especiais no momento do chamamento, o que se xustificará co informe de vida laboral actualizado expedido pola TXSS.
- f) Atoparse cursando estudos oficiais, o que se xustificará co documento de matrícula.
- g) Calquera outra circunstancia excepcional e extraordinaria que sexa debidamente apreciada polo Consorcio.

O pase a situación de reserva na bolsa de emprego producírase cando o solicite expresamente a persoa candidata, a través da instancia xeral no rexistro electrónico na sede electrónica do Consorcio <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>

Unha vez desaparecida a causa que a motive poderase pasar a unha situación libre ou dispoñible a petición expresa da persoa interesada, a través de instancia xeral da sede electrónica do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>. Tal cambio de situación efectuarase no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza esta circunstancia.

Ás persoas candidatas poderáselles requirir unha xustificación documental por escrito que acredite a situación na que se atopan en cada momento. Para estes casos todas as comunicacións, requirimentos e actos administrativos serán por escrito.

O reingreso producírase no lugar que, conforme á ordenación da bolsa, lle corresponda á persoa candidata.

A reincorporación á bolsa de emprego farase efectiva o primeiro día hábil do mes seguinte á data de presentación da solicitude do cambio de situación a libre ou dispoñible.

- d) Excluídos: Situación que, unha vez declarada, imposibilita efectuar posteriores ofertas de contratación desa persoa. Procederáse á exclusión na bolsa de emprego nos seguintes casos:
 - a) Cando a persoa aspirante rexeite ou non conteste a oferta de contratación ou nomeamento en dúas ocasións.
 - b) A petición da persoa interesada, mediante un escrito de renuncia a través da instancia xeral no rexistro electrónico na sede electrónica do Consorcio <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>.
 - c) Cando a persoa convocada non se incorpore ao seu posto de traballo, sen motivo xustificativo unha vez realizado o nomeamento ou contratación.
 - d) Cando se renuncie a un nomeamento ou contratación antes da data en que esta termine.
 - e) Cando sexa sancionada cunha falta grave ou moi grave, ou dúas faltas leves.
 - f) Por pasar a encontrarse en situación de invalidez permanente ou asimilada que lle impida o exercicio das tarefas do posto.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

- g) Por causas médicas sobrevidas que lle impidan o exercicio das tarefas do posto.
 - h) Por xubilación ou ter cumpridos os 65 anos idade no caso de persoal laboral
 - i) Por cometer un fraude ou engano nas circunstancias persoais que permitiron o seu acceso á bolsa de emprego.
 - j) Por falecemento.
- e) Ilocalizable: Situación na que resulta imposible contactar coa persoa candidata.
- f) En suspenso: Situación na que se atopan as persoas candidatas que por causas xustificadas renuncian ao posto traballo ofertado, segundo se sinala no punto de “Renuncia á oferta de traballo”.

4. Chamamento.

4.1 Orde de chamamento.

As persoas integrantes de cada unha das bolsas de emprego serán chamadas para acceder ás contratacións laborais en calquera das súas modalidades por riguroso orde de número de bolsa, sempre que se atope na situación de dispoñible na data prevista de inicio e reúna os requisitos esixidos.

As ofertas realizadas terán o carácter de propostas e non xeran dereitos de ningunha índole, podendo quedar sen efectos, no caso de que desaparezan as razóns de necesidade que as motivaron

4.2 Forma e número de chamamento.

Cando se deba proceder a unha contratación temporal, ofertaráselle o posto de traballo á primeira persoa aspirante da lista, polos medios de contacto que a persoa candidata consigne na súa instancia de participación no correspondente proceso selectivo, teléfono móbil, fixo ou correo electrónico:

- Se se obtén comunicación directa coa persoa candidata, esta deberá responder nun prazo máximo de 24 horas, se acepta ou renuncia ao posto ofertado.
- Se recibe a comunicación por correo electrónico deberá poñerse en contacto co Consorcio no prazo máximo de 24 horas, contadas dende a súa recepción.
- Se transcorridos estes prazos (24 horas) non se recibe contestación a persoa candidata pasará á situación de non localizable.

De existir necesidades moi urxentes e imprescindibles para a atención directa aos usuarios, ditos prazos reduciranse a 12 horas.

Cando o contacto se produza por teléfono móbil, realizarase ata un máximo de tres chamadas aos números facilitados por cada integrante da Bolsa, cun intervalo de media hora entre cada unha delas.

Se non fose posible contactar, seguirase ofertando a proposta á seguinte persoa, quedando en situación de “dispoñible” para futuras ofertas que puideran xurdir.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Sempre que os medios técnicos o permitan, enviaráselle un correo a persoa candidata, informándolle que se realizaron tres chamadas e non foi posible localizala, polo que pasará á situación de “non localizable”.

Igualmente e sempre que os medios técnicos o permitan, enviarase ao teléfono da persoa en situación de “non localizable” unha mensaxe de texto informándolle da imposibilidade de contactar e que pasou a esta situación.

As persoas integrantes da bolsa deberán comunicarlle ao Consorcio calquera variación no seu enderezo postal, enderezo electrónico ou teléfono, con respecto aos sinalados na solicitude de participación do correspondente proceso selectivo e mantelos permanentemente actualizados durante a vixencia da bolsa.

As propostas de substitución de persoal en situación de incapacidade temporal prevalecerán sobre as que xa se estean ofertando, cando coincidan no tempo.

5. Documentación

Antes de levar a cabo a contratación a persoa aspirante deberá achegar a documentación que se esixe nas bases da convocatoria para acceder á praza.

6. Incompatibilidades

Na bolsa terase en conta a duración máxima prevista para cada modalidade contractual e os límites establecidos legalmente.

7. Nomeamento

O nomeamento do persoal que, conforme ao sinalado nas presentes bases, sexa designado para desempeñar un posto de traballo con contrato laboral realizarase mediante unha resolución do/a presidente/a.

8. Cesamento.

As persoas aspirantes a ser contratadas en réxime laboral cesarán ao rematar o contrato.

9. Situación das listas

As persoas integrantes das listas non perderán a orde de prelación que lles corresponda nestas.

A tal efecto, unha vez rematado un contrato como persoal laboral temporal neste Consorcio, a persoa candidata solicitará de novo a incorporación. A solicitude efectuarase, a través de instancia xeral da sede electrónica do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> no prazo de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o remate do nomeamento.

10. Renuncia á oferta de traballo



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

As persoas integrantes da bolsa de emprego que, ao seren convocadas para facer efectiva a súa contratación, non se presenten ou renunciem a esta, perderán os seus dereitos e quedarán excluídas da bolsa durante un ano. Unha vez transcorrido este prazo serán rehabilitados automaticamente no lugar da lista que lles corresponda. A renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo terá a mesma consecuencia.

Considéranse causas xustificadas de renuncia ao posto de traballo ofertado:

- a) Estar traballando fóra Consorcio, cunha relación laboral en vigor, debendo acreditar esta situación mediante a presentación deste e da vida laboral actualizada. Cando se produza un rexeitamento por esta situación considerárase en suspenso, recuperando a situación de dispoñible en canto se comunique ou acredite, no seu caso, a desaparición da causa que motivou o rexeitamento.
- b) A existencia dunha oferta de traballo anterior á sinatura do contrato. Neste caso, a persoa candidata deberá presentar a documentación acreditativa de que a data de inicio da nova contratación é anterior á data de inicio do contrato ofertado polo Consorcio.
- c) Por motivos de saúde ou maternidade, circunstancias que haberán de acreditarse mediante un xustificante do sistema público de saúde ou certificado médico oficial no caso de mutualistas. Enténdese equiparada a estas situacións o suposto de avanzado estado de xestación que, por prescrición médica acreditada documentalmente, impida o desenvolvemento da actividade laboral. A documentación médica será valorada estritamente polo servizo de vixilancia da saúde da Deputación, que informará ao Consorcio sobre a suficiencia das circunstancias médicas alegadas. A documentación médica poderá presentarse directamente no servizo de vixilancia da saúde, deixando constancia da presentación no Consorcio.

En tanto non se acredite a desaparición das referidas circunstancias e a posterior dispoñibilidade para aceptar ofertas non se volverá chamar estas persoas por atoparse en situación de suspenso. Neste caso, a persoa candidata manterá a posición de “ocupada” dentro da bolsa de emprego. En caso de non acreditarse quedará “excluída” dela durante un ano.

- d) Non reunir a capacidade funcional necesaria para o desempeño do posto, acreditada cun certificado de grao de discapacidade. Este suposto non implica a expulsión da bolsa, polo que a persoa conservará o seu lugar ata unha nova oferta.

A documentación xustificativa á que se fai referencia nos apartados anteriores deberá presentarse no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte o do chamamento por parte do Consorcio (salvo que xustifique a imposibilidade nese período), comunicado por teléfono, correo electrónico ou calquera outro medio que deixe constancia de que se cumpriu o trámite.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos 15 días naturais desde o cesamento ou terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar ese prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa durante un ano.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

11. Xestión das bolsas de emprego

11.1 A xestión das bolsas de emprego corresponde ao Consorcio.

11.2 As contratacións que se teñan que realizar con persoal procedente da bolsa de emprego responderán a algún dos motivos de contratacións de persoais laborais temporais previstas na lexislación vixente e respectarán as limitacións e os requisitos esixidos para cada modalidade.

12. Control das listas

O estado das listas actualizaranse mensualmente e poderanse consultar na páxina web do Consorcio www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos.

13. Comisión de seguimento.

Para o control e a correcta utilización das bolsas nomearase unha Comisión de Seguimento, que será a encargada de resolver todas as incidencias e cuestións de interpretación que se produzan durante o período de vixencia das bolsas de emprego.

A comisión estará integrada polos seguintes membros:

- O deputado delegado de emerxencias.
- A secretaria-interventora.
- A xerencia
- A xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación ou persoal funcionario en quen delegue
- Un representación dos representantes do persoal na Mesa Xeral de Negociación.

A Comisión reunirse sempre que así o requira o seu funcionamento, para resolver as dúbidas de interpretación ou reclamacións que se puidesen formular.

Os membros da Comisión poderán coñecer o estado das listas e comprobar se a orde de chamamento se corresponde coa lista. Ademais, serán informados das renuncias ou exclusións cando así o requiran.

Vixésima terceira. Carácter vinculante das bases

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan ao Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Vixésima cuarta. Incidencias

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria e para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación. Ademais, poderán adoptar os acordos necesarios a fin de procurar a boa orde e o bo desenvolvemento do proceso selectivo.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Vixésima quinta. Réxime xurídico

Os procesos selectivos regularanse polo disposto nas bases xerais e específicas da convocatoria e, no non previsto nelas, polo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, que aproba o TRLEBEP; pola Lei 2/2015, de 29 de abril, que aproba a Lei do emprego público de Galicia; polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local (artigos do 134 ao 137); polo Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre o procedemento de selección na Administración local; polo Decreto 95/1991, de 20 de marzo, que aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e polo Real decreto 364/95, que aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Vixésima sexta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento polo Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar a presente convocatoria de emprego público, así como verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que se deriven.

Os datos de carácter persoal facilitados polas persoas interesadas en participar nestes procesos selectivos serán incorporados a un ficheiro e serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolver a convocatoria na que participa; recoñecéndolles a posibilidade de exercer o seu dereito de acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento dos datos persoais ou opoñerse ao tratamento solicitando a través do rexistro dixital da Sede electrónica deste Consorcio.

Os datos de carácter persoal serán obxecto de publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na sede electrónica deste Consorcio.

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

Vixésima sétima. Medidas de protección de mulleres vítimas de violencia que participen no proceso selectivo

Co obxectivo de establecer as medidas de protección das mulleres vítimas de violencia que participen nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

A identidade das mulleres vítimas de violencia protexerase ao longo de todo o proceso selectivo e só as persoas do tribunal de selección deberán coñecer a identidade real da muller



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

vítima de violencia e o pseudónimo asignado co obxecto de contrastar as listas de admitidos e o documento xustificativo que achega para acreditar a súa verdadeira identidade.

O tribunal utilizará o pseudónimo asignado ás mulleres vítimas de violencia en todos os documentos e actos do mesmo que sexan obxecto de publicación, entre os que se atopan as listas provisionais e definitivas de aspirantes admitidos e excluídos, as convocatorias e chamamentos para a realización de probas nas que se indique nominalmente ás persoas aspirantes convocadas.

O previsto no parágrafo anterior non será de aplicación ao acto relativo ao nomeamento como funcionaria de carreira, no caso de superar o proceso selectivo.

A situación de vítima de violencia deberá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que permita acreditar esta circunstancia.

Disposición final

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán impugnarse nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na LPACAP.

II) BASES ESPECÍFICAS DE CADA PROCESO SELECTIVO

DOUS POSTOS DE XEFE DE PARQUE, QUENDA LIBRE

Primeira. Número e características

Convócase a cobertura por persoal laboral fixo, de dous (2), postos de traballo de xefes de parque, equivalentes ao subgrupo C1, dotada coas retribucións que figuran na Relación de Postos de Traballo de persoal laboral fixo.

Segunda. Sistema de selección

Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición.

Terceira. Condicións das persoas aspirantes

Ademais das condicións sinaladas na base cuarta das bases xerais as persoas aspirantes deberán posuír o título de Bacharelato ou Técnico, ou estar en condicións de obtelo o día en que remate o prazo de presentación de instancias.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Cuarta. Proceso selectivo

O proceso selectivo consta de tres fases

FASE 1: PRUBAS DE OPOSICIÓN. Teñen o carácter de obrigatorio e eliminatorio. Constan de 4 exercicios aos que lles outorgará unha puntuación total de 60 puntos, segundo a seguinte distribución:

PROBA	PUNTUACIÓN (60 Puntos)	
EXAME TIPO TEST	45 PUNTOS	
PRUBAS FÍSICAS	15 PUNTOS	Carreira resistencia 1000 m. 5 puntos Natación..... 5 puntos Dominadas..... 5 puntos
PRUBAS FÍSICO PROFESIONAIS	Apto / Non apto	Espazos confinados Traballo en altura Manexo material básico extinción
COÑECEMENTO LÍNGUA GALEGA	Apto / Non apto	

FASE 2: CONCURSO: A suma das puntuacións obtidas no concurso terá unha puntuación máxima de 40 puntos, segundo a seguinte distribución:

CONCURSO DE MÉRITOS	PUNTUACIÓN (40 puntos)
EXPERIENCIA PROFESIONAL.....21 pts	Xefe de parque Administración Pública20 pts
	Xefe de dotación Administración Pública..... 12 pts
	Bombeiro/a Administración Pública 6 pts
	Impartición de formación..... 1 pts
MÉRITOS ACADÉMICOS..... 5 pts	Master universitario
	Titulación de grao universitario
	Titulación de ciclo superior
CURSOS.....14 pto	Cursos de formación.....11 pts
	Cursos de especialización.....3 pto

FASE 3: PRUBAS DE CAPACITACIÓN. Teñen o carácter de obrigatorio e eliminatorio cada unha das probas desta fase, sendo preciso acadar a cualificación de apto en cada unha delas para superala.

Consistiran:

PRUBAS PSICOTÉCNICAS	Apto / Non apto	Clima laboral
		Capacidade intelectual
		Personalidade
RECOÑECEMENTO MÉDICO	Apto / Non apto	
CURSO SELECTIVO	Apto / Non apto	

Cada unha das probas ten carácter de obrigatorio e eliminatorio, sendo preciso acadar a cualificación de apto en cada unha delas para superar esta Fase.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

As persoas aspirantes que non superen esta fase decaeran do proceso selectivo.

FASE 1: PROBAS DE OPOSICIÓN.

PRIMEIRO EXERCICIO "EXERCICIO TIPO TEST" de carácter obrigatorio e eliminatorio. A puntuación máxima que se pode acadar neste exercicio é de 45 puntos. Consistirá en contestar por escrito un exercicio tipo test, que constará de 100 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal dirixido a determinar os coñecementos da parte xeral e específica do temario. O tempo para a realización deste exercicio será de 120 minutos. Só unha resposta será correcta.

Cada resposta correcta valorarase con 0,45 puntos; penalizándose as preguntas mal contestadas, de forma que por cada pregunta incorrecta se descontará 0,15 puntos. As preguntas en branco non penalizan.

No cuestionario poderán formularse problemas de tipo aritmético ou numérico que requiran a realización de cálculos.

O exercicio que se propoña conterá 10 preguntas tipo test de reserva que substituirán na súa orde aquelas preguntas que, no seu caso, acorde o Tribunal anular.

Para a formulación de preguntas dos temas 1 ao 15 da parte específica, o tribunal utilizará os manuais de formación con ISBN editados pola Asociación de Consorcios e servizos de Bombeiros de España (Conbe) en outubro de 2017 e que fan referencia aos módulos Formativos MF0401, MF0402, MF0403, MF0404 e a SEA534, elaborados como itinerario formativo para a obtención da cualificación profesional. <https://conbe.org/>

As puntuacións obtidas no exercicio tipo test publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio. As persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das respostas correctas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas a través da Sede electrónica mediante instancia xenérica dispoñible na mesma <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>.

SEGUNDO EXERCICIO, "PROBAS DE APTITUDE FÍSICA" de carácter obrigatorio e eliminatorio cada unha das cinco probas que integra este exercicio.

A puntuación máxima que pode acadar este exercicio será de 15 puntos, a razón de 5 puntos cada proba.

Este exercicio será dirixido polo menos por un Técnico Especialista, designado pola Presidencia en calidade de asesor do tribunal cualificador e realizarase en presenza deste tribunal.

En función do número de opositores e do tipo de proba de que se trate, disporase da asistencia necesaria e asesores en número suficiente para garantir un obxectivo control e medición destas, reducindo ao máximo o factor humano.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Para a realización destas probas, as persoas opositoras deberán presentarse provistos do equipamento deportivo correspondente.

En calquera momento do desenvolvemento das probas físicas, o tribunal poderá convocar a aqueles aspirantes que considere para a realización dun control de dopaxe mediante a recollida dunha mostra de ouriños non inferior a 100 mililitros. Esta convocatoria realizarase por escrito, mediante o formulario de control de dopaxe oficial establecido nas normas da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte. A resistencia ou negativa expresa por parte do aspirante a realizar dita proba, ou a súa non presentación á realización da mesma no lugar e tempo en que sexa convocado de xeito non xustificadamente, suporá a exclusión inmediata do mesmo do proceso selectivo. Así mesmo, será motivo de exclusión a obstrución, non atención, dilación indebida, ocultación e demais condutas que, por acción ou omisión, eviten, impidan, perturben ou non permitan realizar controis de dopaxe na forma prevista na Lei, ou sempre que calquera aspirante evite voluntariamente, por acción ou omisión, a recollida de mostras a que estivese obrigado a someterse.

A lista de substancias e métodos prohibidos que se empregará de referencia para determinar se un resultado analítico é desfavorable, será a publicada pola Axencia Mundial Antidopaxe (WADA) para o ano 2022. Pódese consultar no seguinte enlace:

https://www.wada-ama.org/sites/default/files/resources/files/2022list_final_sp.pdf

A detección da presenza de calquera cantidade dunha substancia prohibida, ou dos seus metabolitos ou marcadores, na mostra de ouriños dunha persoa aspirante, suporá a súa exclusión do proceso selectivo, sen prexuízo do dereito de solicitude de realización de contra-análise que asiste ao aspirante, así como do seu recurso ao Tribunal Cualificador coas alegacións que estime oportunas.

As persoas aspirantes que reciban tratamento habitual con algunha medicación susceptible de dar lugar a un resultado desfavorable, deberán solicitar ao tribunal cualificador, con antelación suficiente á realización das probas físicas (non inferior aos 14 días), unha autorización de uso terapéutico. O tribunal aplicará os criterios de avaliación empregados pola Convención Internacional contra a dopaxe no deporte e nas normas para a concesión de autorizacións de uso terapéutico adoptadas pola Axencia Mundial Antidopaxe.

A realización destes exercicios será pública.

Cada exercicio é obrigatorio e eliminatorio para pasar a realizar o seguinte; permitindo un único intento para cada un deles.

No desenrolo dos exercicios físicos, poderá realizarse o pertinente control Anti-dopaxe se así o decide o tribunal.

As puntuacións serán outorgadas segundo as táboas de notas de cada exercicio, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a nota mínima.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Probas:

1º.-Carreira de resistencia de 1.000 m : Situados no punto de partida, á voz de “listos-xa”, percorrer a distancia de 1000 metros por calle libre, permitíndose un só intento.

A efectos de descualificación, será de aplicación o regulamento da I.A.A.F. (Federación Internacional de Atletismo).

NOTA	TEMPO EN SEGUNDOS MASCULINO	TEMPO EN SEGUNDOS FEMENINO
2,5	4,10"	4,30"
2,75	4,05"	4,25"
3,00	4,00"	4,20"
3,25	3,55"	4,15"
3,5	3,50"	4,10"
3,75	3,45"	4,05"
4,0	3,40"	4,00"
4,25	3,35"	3,55"
4,5	3,30"	3,50"
4,75	3,25"	3,45"
5,0	3,20"	3,40"

O aspirante quedará eliminado cando

- Non acade a nota mínima
- Obstaculice a outros corredores con calquera parte do corpo
- Provoque dúas saídas nulas
- Non se eliminará ao aspirante que traspase puntualmente a liña interior do circuíto cando esté motivada pola acción doutro corredor.

2º.-Natación 50m: Finalidade: Comprobar se a persoa aspirante se desenrola con autonomía suficiente en medio acuático, sendo capaz de levar a cabo desprazamentos eficaces.

Descrición: O exercicio consiste en zambullirse, nadar 25 metros, dar a volta e nadar outros 25 metros.

Posición inicial: De pé no borde da piscina na zona de saída, con bañador e gorro de baño (permítese o uso de gafas de natación).

Desarrollo: A persoa aspirante situarase ao borde da piscina e á voz de aviso («aos postos»); a sinal de saída será dada por un membro do tribunal á voz de «XA», ou mediante un silbido, entón a persoa aspirante lanzarase á piscina iniciando o recorrido, finalizando o exercicio cando toque con calquera parte do corpo na parede vertical do vaso da piscina en zona de meta, ao final do último recorrido.

Regras: Un só intento. En todo momento a persoa aspirante manterase pola calle asignada e delimitada polas corcheras; pode impulsarse na parede coas pernas ao final do recorrido de ida.

NOTA	TEMPO MASCULINO	TEMPO FEMENINO
2,5	50"	55"
2,75	49"	54"



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

NOTA	TEMPO MASCULINO	TEMPO FEMENINO
3,00	48"	53"
3,25	47"	52"
3,5	46"	51"
3,75	45"	50"
4,0	44"	49"
4,25	43"	48"
4,5	42"	47"
4,75	41"	46"
5,0	40"	45"

A persoa opositora que non acade a marca mínima quedará eliminada do proceso.

3º. Dominadas en escaleira ou en barra horizontal: Permitirase un só intento. A posición de saída será suspendido da escaleira ou da barra, cas palmas das mans ao fronte, cunha separación entre elas similar á da anchura dos ombreiros e partindo dende a posición de brazos e pernas totalmente estendidos, e os pes sen tocar o chan, sobrepasar co queixo a escaleira ou a barra. Descender o corpo ata que os brazos queden total e completamente estendidos.

Serán invalidadas as flexións que non se inicien ca extensión total dos brazos como posición de arrancada, as flexións nas que o queixo non sobrepase o plano horizontal que forman os dous largueiros da parte superior da escala ou ben a parte superior da barra, ou as flexións que se inicien sen respectar a indicación nin a orde do Tribunal.

Non se permitirá dar impulso cas pernas sacudíndoas nin mecerse. Só se contabilizarán as flexións feitas de xeito correcto.

Será motivo de eliminación descolgarse da escada ou da barra sen ter feito o mínimo de 10 repeticións de xeito correcto no caso dos homes e 8 no caso das mulleres.

NOTA	REPETICIONS MASCULINO	REPETICIÓN FEMENINO
2,5 (mínima)	10	8
2,75	12	10
3,00	14	12
3,25	16	14
3,5	18	16
3,75	20	18
4,0	22	20
4,25	24	22
4,5	26	24
4,75	28	26
5,0 (máxima)	30	28

Non se contabilizarán as que

- As extensións de brazos e ombreiros sexan incompletas
- Se balancee o corpo
- Se realice movemento dos talóns que supoñan axuda na execución
- Se realice movemento dos xeonllos que supoñan axuda na execución



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

TERCEIRO EXERCICIO. "PROBAS APTITUDE FÍSICO PROFESIONAIS" de carácter obrigatorio e eliminatorio cada unha das tres probas que integra este exercicio, cualificándose de apto/non apto.

Estas probas teñen por obxecto:

Proba 1: Acreditar a tolerancia ao traballo en espazos confinados

Proba 2: Acreditar a tolerancia ao traballo en altura (vertixe e equilibrio).

Proba 3: Acreditar a soltura e coñecemento do manexo do material básico de extinción de incendios.

Con independencia de que cada aspirante poida dispor do seu propio equipo de protección individual, para as devanditas probas prácticas, facilitaranse os equipos de protección individual necesarios, excepto o calzado de seguridade que deberá traer cada aspirante.

Na execución destas probas será de obrigado cumprimento a normativa en materia de prevención de riscos para este tipo de actividades.

Proba 1: Acreditar a tolerancia ao traballo en espazos confinados

Implica detectar a patoloxía na que os espazos pechados e escuros producen (na persoa que a padece) un estado de nerviosismo que lle impide realizar tarefas rutinarias de rescate ou extinción de incendios. Ao avaliar esta proba, o tribunal pode propoñer a asistencia de asesores médicos.

Serán declarados aptos os candidatos que non presenten síntomas de claustrofobia ou desorientación e non superen o tempo máximo establecido para o exercicio.

Descrición: O candidato colocarse diante dunha porta de acceso a unha sala con visibilidade reducida (para este fin, pódense usar cristais tintados e zonas por onde entra luz, ou fume sintético, como o empregado nos simulacros de incendio). O candidato levará un casco de intervención F1 cunha viseira escurecida. Un membro do xurado conducirá o candidato á sala e situarao nun punto de referencia (dereita ou esquerda). Unha vez posicionado no punto de referencia, comezará a proba. O candidato comezará a avanzar, seguindo a dirección e os puntos de referencia que considere oportunos e deberá buscar, atopar e rescatar un boneco que o xurado colocou dentro da zona de busca.

O exercicio rematará cando tanto o rescatador como a persoa rescatada estean fóra da zona de busca, ou cando, debido ao tempo transcorrido, o xurado así o decida.

A persoa candidata terá un único intento. O tempo máximo permitido para a proba será fixado polo tribunal antes de que esta comece.

A proba cualificarase como APTO ou NON APTO

A proba considerarase non apta e, polo tanto, será eliminada a persoa opositora do proceso se:

a) Mostra síntomas de claustrofobia.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

- b) Non completa o exercicio dentro do tempo asignado.
- c) Se desorienta durante o exercicio.

Membros do corpo de bombeiros do Consorcio Provincial estarán presentes para garantir a seguridade dos/as candidatos/as.

Proba 2: Acreditar a tolerancia ao traballo en altura (vertixe e equilibrio).

Subir e baixar unha autoescada de 30 m. de lonxitude cunha inclinación aproximada de 70º coas seguintes indicacións:

1. Subir un tramo de aproximadamente 28 metros.
2. Atar un nó de "ás de guía" cunha corda de escalada no lugar indicado polo persoal na cesta da escaleira.
3. Descender un tramo de aproximadamente 28 metros.

A posición de saída e chegada será na plataforma da escaleira; as mans e os pés só poderán descansar nos chanzos, non nos pasamáns nin noutras partes do vehículo. Os pés deberán pasar por todos os chanzos excepto nos que no seu caso designe o tribunal.

O tempo máximo establecido para a realización do exercicio será de 2:30 minutos (dous minutos e trinta segundos).

Ao completar a proba, o candidato considerárase APTO ou NON APTO.

A persoa opositora considerárase NON APTO e polo tanto eliminado do proceso de selección, se:

- a) Non completa a proba dentro do tempo máximo establecido.
- b) Non comunica a entrada alfanumérica ao persoal da cesta ou o faga de xeito incorrecto .
- c) Non fai o nó correspondente.

Intentos: Un só intento

Invalidacións: Non se permitirá outra posición que a sinalada na execución

Proba 3: Acreditar a soltura e coñecemento do manexo do material básico de extinción de incendios.

Tendido de mangueras, partindo do seguinte material, situado ao pé do camión:

- a) Redución 70-45 mm
- b) Manguera de 45 mm
- c) Bifurcación de 45-25 mm
- d) Dúas mangueras de 25mm e 20m de lonxitude enroladas
- e) Dúas lanzas de 25 mm

Execución: A persoa opositora colocará unha liña desde a bomba do camión que consistirá nunha redución de 70/45, unha liña de calibre 45, unha liña dividida de 45/25, dúas liñas de



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

calibre 25 e as súas respectivas boquillas. Despois, activará unha das liñas, situarase nunha marca a aproximadamente 15 m do camión e solicitará presión a un operador da bomba. Unha vez con presión, na posición de chorro sólido, tirará a un obxectivo colocado nun pedestal a 10 m da marca. Unha vez tirada, colocará a boquilla na posición de cortina.

Medición: Isto farase manualmente cun cronómetro, que se iniciará no sinal de inicio da proba e se deterá cando o candidato seleccione a posición da cortina na boquilla, despois de tirar o obxectivo.

O tempo máximo establecido para completar o exercicio será de 1:30 (un minuto e trinta segundos).

Intentos: Só un intento.

Durante a proba, a persoa candidata será considerada APTA ou NON APTA.

Será considerada NON APTA, e polo tanto eliminada do proceso de selección, se:

- a) Non completa a proba dentro do tempo máximo establecido.
- b) Algún dos elementos non está conectado ou aberto.
- c) Se producen fugas de auga debido a ramais ou tubaxes que non estarán operativas.
- d) O tendido non se realiza da forma prescrita.

CONDICIÓN PARTICULARES DOS EXERCICIOS DE APTITUDES FÍSICAS E HABILIDADES FUNCIONAIS.

Nos exercicios que implica a proba de aptitude física e habilidades funcionais, calquera acción non descrita na lista de exclusións do proceso de selección e que, a criterio do Tribunal, se considere intencionada por parte do candidato e que represente unha vantaxe diferencial sobre o resto dos candidatos, poderá dar lugar á exclusión do candidato do proceso de selección. Se o Tribunal considera involuntaria unha acción vantaxosa, poderá requirir ao candidato que repita o exercicio, informándoo da prohibición de realizar a(s) acción(s) que implicarían condicións favorables para el en comparación co resto dos candidatos.

As puntuacións obtidas neste exercicio publicaranse na no taboleiro de anuncios da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>

e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio. As persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das respostas correctas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas a través da Sede electrónica mediante instancia xenérica dispoñible na mesma <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>.

CUARTO EXERCICIO, “COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO”



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Quedarán exentas aquelas persoas aspirantes que coa solicitude de admisión acrediten estar en posesión do Celga IV ou equivalente debidamente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Consistirá na tradución escrita dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos. O texto non poderá ter máis de 150 palabras. A puntuación deste exercicio será de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles/as aspirantes que obteñan a cualificación de non apto.

Serán cualificados como non aptos aqueles/as aspirantes que teñan máis do 10% de erros (tanto de tradución, como de gramática e/ou acentuación) sobre o número de palabras finais do texto. En caso de decimais se redondeará cara arriba os números con 0,5 ou superior e cara abaixo os números inferiores a 0,5.

As puntuacións obtidas neste exercicio publicaranse na no taboleiro de anuncios da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio. As persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das respostas correctas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas a través da Sede electrónica mediante instancia xenérica dispoñible na mesma <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>.

FASE 2. CONCURSO:

Finalizada a FASE I de oposición, as persoas que a superen e reúnan os requisitos da convocatoria terán un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista das candidatos/as que superaron esta fase no taboleiro da sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>, na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio e no BOPPO, para a presentación da documentación acreditativa de cada un dos méritos alegados, segundo se indica na base décimo sétima.

A puntuación máxima que se pode acadar na fase de concurso é de 40 puntos

Nesta fase valoraranse os méritos específicos adecuados aos postos e debidamente acreditados que posúan as persoas aspirantes na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo, segundo o seguinte baremo:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado son 21 puntos)

1. Experiencia profesional como xefe/a- de parque na Administración Pública (Máximo 20 puntos)

1.a.- Outorgaranse 0,35 puntos por cada mes completo traballado como xefe/a de parque nos cinco anos naturais anteriores a esta convocatoria, xa sexa como funcionario ou



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

persoal laboral, en parques de bombeiros pertencentes a calquera Consorcio Provincial de Bombeiros e Salvamento.

1.b.- Outorgaranse 0,18 puntos por cada mes completo traballado como xefe/a de parque nos cinco anos anteriores a esta convocatoria, xa sexa como funcionario ou persoal laboral, en parques de bombeiros pertencentes a calquera Administración Pública

Acreditación:

- a) Certificado de servizo na Administración na que prestou servizos no que conste o posto de traballo, a antigüidade co cómputo total de meses e anos, acompañado dunha folla de traballo actualizada emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- b) Só se considerará a experiencia en parques de bombeiros con estas denominacións dos postos (xefe de parque/Sarxento).
- c) Non se considerará a experiencia profesional en categorías profesionais distintas da de xefe de parque-sarxentos (oficial GES, oficial/capatáz GRUMIR, traballador forestal e ambiental, ou similares).
- d) A determinación das entidades consideradas Administracións Públicas basearase no disposto no artigo 2.3 tanto da LPAC como da LRXSP.

2. Experiencia profesional como xefe/a de quenda/dotación ou cabo na Administración Pública (Máximo 12 puntos)

2.a.- Outorgaranse 0,20 puntos por cada mes completo traballado como xefe/a de quenda/dotación-cabo nos cinco anos naturais anteriores a esta convocatoria, xa sexa como funcionario ou persoal laboral, en parques de bombeiros pertencentes a calquera Consorcio Provincial de Bombeiros e Salvamento.

2.b.- Outorgaranse 0,10 puntos por cada mes completo traballado como xefe/a de quenda-cabo nos cinco anos anteriores a esta convocatoria en parques de bombeiros pertencentes a calquera Administración Pública

Acreditación:

- a) Certificado de servizo na Administración correspondente, no posto de xefe de quenda/dotación/cabo, no que conste o posto, a antigüidade co cómputo total de meses e anos, acompañado dunha folla de traballo actualizada emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- b) Só se considerará a experiencia en parques de bombeiros con estas denominacións (xefe de dotación ou de quenda ou cabos).
- c) Non se considerará a experiencia profesional en categorías profesionais distintas da de xefe de dotación (oficial GES, oficial/capatáz GRUMIR, traballador forestal e ambiental, ou similares).
- d) A determinación das entidades consideradas Administracións Públicas basearase no disposto no artigo 2.3 tanto da LPAC como da LRXSP.

3. Experiencia profesional como bombeiro/a (Máximo 6 puntos)



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

3.a.- Outorgaranse 0,10 puntos por cada mes completo traballado como bombeiro/a nos cinco anos naturais anteriores a esta convocatoria, xa sexa como funcionario ou persoal laboral, en parques de bombeiros pertencentes a calquera Consorcio Provincial de Bombeiros e Salvamento.

3.b.- Outorgaranse 0,05 puntos por cada mes completo traballado como bombeiro/a nos cinco anos anteriores a esta convocatoria, en parques de bombeiros pertencentes a calquera Administración Pública

Non se outorgarán prácticas nin períodos inferiores a un mes. O traballo a tempo parcial calcularase en función da porcentaxe de horas traballadas.

Acreditación:

- Certificado de servizo na Administración correspondente, no posto de bombeiro ou bombeiro-condutor, no que conste o posto, a antigüidade co cómputo total de meses e anos, acompañado dunha folla de traballo actualizada emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Só se considerará a experiencia en parques de bombeiros con estas denominacións (bombeiros/bombeiros-condutores)
- Non se considerará a experiencia profesional en categorías profesionais distintas á de bombeiro (oficial GES, oficial/capataz GRUMIR, traballador forestal e ambiental, ou similares).
- A determinación das entidades consideradas Administracións Públicas basearase no disposto no artigo 2.3 tanto da LPAC como da LRXSP.

4. Impartición de formación (Máximo 1 punto):

Puntuarase con 0,2 puntos/curso, os cursos de formación impartidos como docente, en materia de emerxencias e protección civil en entidades públicas ou privadas en cursos homologados pola AGASP ou entidade equivalente, na respectiva Comunidade Autónoma. A duración mínima será de 8 horas.

Acreditación: Certificado emitido pola entidade organizadora no que conste, denominación, contido, número de horas e homologación do curso.

B) MÉRITOS ACADÉMICOS (A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado son 5 puntos)

Outorgarase a puntuación que de seguido se relaciona ás persoas solicitantes que acrediten titulación superior á requirida:

Titulación académicos directamente relacionada co posto (Protección civil e/ou emerxencias)	Puntuación	Titulación xeral	Puntuación
Master universitario	1	Master universitario	0,5
Titulación de grao universitario	4	Titulación de grao universitario	2



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Titulación académicos directamente relacionada co posto (Protección civil e/ou emerxencias)	Puntuación	Titulación xeral	Puntuación
Titulación de ciclo superior	3,5	Titulación de ciclo superior	1,75

Estas puntuacións poderanse acumular, sen que a puntuación total poida superar os 5 puntos.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as establecidas polo ministerio competente en materia de educación con carácter xeral e válidos para todos os efectos, sempre que se indique expresamente a disposición na que se establece a equivalencia e o BOE no que se publica

Acreditación:

Deberase presentar a titulación acreditativa.

C) CURSOS (Máximo 14 puntos)

1. CURSOS DE FORMACIÓN. A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado é de 11 puntos.

Neste apartado puntuaranse os cursos de formación directamente relacionadas coas funcións propias do posto obxecto da convocatoria que conte cunha duración mínima de 8 horas, a razón de 0,13 puntos/hora por curso.

Ademais, neste apartado valoraranse os cursos que se refiran á adquisición de competencias, habilidades e actitudes transversais, incluídos os seguintes: prevención de riscos laborais, igualdade e non discriminación, violencia de xénero, traballo en equipo, protección de datos, transparencia, procedemento administrativo, réxime xurídico do sector público, calidade e lingua galega, procedemento administrativo a razón de 0,8 punto por hora por curso.

So se terán en conta os cursos de formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Administración da Comunidade Autónoma e da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas de Administración pública directamente relacionados co posto de traballo a desempeñar (incluídos os organizados polos sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua). Admitiranse cursos impartidos por entidades privados e contén coa homologación por unha administración pública.

Acreditación:

- a) Certificado ou diploma do curso no que figure a denominación e a duración en horas.
- b) Non se puntúan como cursos a superación de módulos de certificados profesionais.
- c) No se puntúan cursos impartidos por outras organizacións distintas das descritas anteriormente.

2. CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN. A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado é de 3 puntos.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

2.a) Curso habilitante para a intervención en himenópteros (duración mínima 4 horas), patrón de embarcación (PER ou PNB) 0,5 puntos por cada un destes cursos, a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado é de 1 punto.

A presentación do PER excluírá o PNB e viceversa.

No caso do curso de intervención en himenópteros deberá estar organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Administración local, universidades, escolas das Administracións públicas, mutuas colaboradoras da Seguridade Social (incluídos os organizados polos sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua) ou impartidos ou homologados pola AGASP ou entidade equivalente da respectiva Comunidade Autónoma. Tamén cursos impartidos por calquera Consorcio de bombeiros galego.

Acreditación:

- a) Deberá presentarse certificado ou diploma.
- b) Non se puntúan cursos impartidos por outras organizacións distintas das descritas anteriormente.

Rematada a valoración desta fase, as persoas interesadas poderán formular alegacións ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao de publicación das puntuacións outorgadas na fase de concurso na sede electrónica da entidade.

2.b.) Por estar en posesión do curso básico de prevención de riscos laborais (duración mínima 50 horas): 2 puntos.

Acreditación:

- a) Deberá presentarse certificado ou diploma emitido por persoal cualificado, como técnicos de nivel superior ou medio en PRL, persoal dos Servizos de Prevención (proprios ou alleos), ou empresas de formación acreditadas

FASE III. PROBAS DE CAPACITACIÓN.

Teñen o carácter de obrigatorio e eliminatorio cada unha das probas que inclúe esta fase, sendo preciso acadar a cualificación de apto en cada unha delas para superar esta fase.

A cualificación de no apto en algunha delas determinará a imposibilidade de realizar a seguinte.

As persoas aspirantes que non superen esta fase decaeran do proceso selectivo.

1. Probas psicotécnicas.

Consistirá en tres probas obrigatorias e eliminatorias destinadas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos candidatos e a súa idoneidade para as funcións do posto obxecto da convocatoria, verificando que posúen un perfil psicolóxico axeitado. Estas probas deberán ser avaliadas por persoal especializado e cualificaranse como APTO ou NON APTO. O tribunal



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

disporá dos medios que considere oportunos para garantir o anonimato das persoas opositoras durante a realización das probas.

Proba 1. proba de ambiente laboral.

Avaliarase a comprensión realista do entorno social dos grupos de traballo. Elaborarase un perfil das dimensións das relacións persoais, a autorrealización e a estabilidade emocional dos candidatos.

Proba.2 Proba de capacidade intelectual

Realizarase unha avaliación para medir a capacidade intelectual da persoa opositora, avaliando o seu nivel intelectual e outras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos seguintes aspectos:

intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

Proba 3. Proba de personalidade

Esta proba centrarase en avaliar os trazos de personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño das tarefas a realizar, así como o grao de adaptación persoal e social das persoas opositoras. Así mesmo descartarase a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou de personalidade.

Exploraranse os seguintes aspectos: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación ás normas, tolerancia ao estrés e motivación polo posto de traballo en cuestión.

Os resultados da proba deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na realización dun cuestionario verbal, avaliando o estado psicolóxico das persoas opositoras.

Ademais das características de personalidade mencionadas anteriormente, tamén se explorarán os seguintes aspectos: niveis disfuncionais de estrés ou trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou arriscado de alcol ou outras substancias tóxicas; e nivel de medicación.

As persoas aspirantes que non superen as probas psicotécnicas, non accederán ao recoñecemento médico

2. Recoñecemento médico

A relación do persoal convocado para a realización do recoñecemento médico publicarase na no taboleiro de anuncios da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Esta proba ten carácter de obrigatorio e eliminatorio, sendo preciso acadar a cualificación de apto.

Consistirá nun recoñecemento médico practicado polo persoal médico, designado ao efecto, e que asistirá ao Tribunal cualificador.

Para a celebración deste exame, o persoal médico realizará as probas clínicas, analíticas e complementarias ou de outra clase, que se consideren necesarias para determinar a non existencia de patoloxías excluíntes para superar esta proba e que se reflicten no Anexo de CADRO DE EXCLUSIÓNS MÉDICAS da presente convocatoria.

A participación neste recoñecemento implicará o consentimento dos/as aspirantes para que os resultados de apto/non apto correspondentes se poñan por parte do persoal médico a disposición do tribunal cualificador.

3. Curso selectivo

A relación do persoal convocado para a realización do curso selectivo publicarase na no taboleiro de anuncios da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio.

A persoa aspirante que non supere as anteriores probas non accederá ao curso selectivo.

O curso selectivo ten carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo preciso acadar a cualificación de apto para superalo.

Duración total: 175 horas

Modalidade: Mixta (en liña + presencial)

Dirixido a: As persoas aspirantes á xefes de parque

Obxectivo xeral: Proporcionar a formación inicial necesaria para a incorporación operativa de novos bombeiros, priorizando a seguridade, a eficacia e a intervención coordinada en emerxencias.

Estrutura Xeral do Curso

Módulo	Total horas	Online	Teórico presencial	Práctico presencial
Operacións de salvamento	45	20	15	10
Control e extinción de incendios	90	55	20	15
Operacións de axuda técnica	30	20	5	5
Prácticas integradas	10	0	0	10

Total xeral: 175 horas (95 horas en liña + 40 horas teóricas presenciais + 40 horas prácticas presenciais)

Módulo 1 – Operacións de Salvamento (45 horas)

Modalidade: 20 h en liña + 10 h teóricas presenciais + 15 h prácticas presenciais.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Obxectivos: Coñecer técnicas básicas de salvamento en altura, espazos confinados e medios de transporte. Aplicar medidas de autoprotección e seguridade en rescates.

Contidos: Principios de actuación en emerxencias. Equipos de rescate. Salvamento en altura e espazos confinados. Rescates en vehículos e medios acuáticos. Soporte vital básico.

Módulo 2 – Control e Extinción de Incendios (90 h)

Modalidade: 55 h en liña + 20 h teóricas presenciais + 15 h prácticas presenciais.

Obxectivos: Comprender o comportamento do lume, aplicar estratexias de extinción e manobras seguras en incendios urbanos, industriais e forestais.

Contidos: Fundamentos do lume, tipos de incendios, axentes extintores, equipos de protección, manobras de ventilación, emerxencias con substancias perigosas, comunicación e mando.

Módulo 3 – Operacións de Axuda Técnica (30 h)

Modalidade: 20 h en liña + 5 h teóricas presenciais + 5 h prácticas presenciais.

Obxectivos: Executar manobras de apuntalamentos, corte, achique e rescate técnico con seguridade.

Contidos: Apeos e apuntalamentos estruturais, saneamento de edificacións, achiques, rescate en maquinaria, corte de subministracións e rescate de animais.

Módulo 4 – Prácticas Integradas de Emerxencia (10 h prácticas presenciais)

Modalidade: 10 h prácticas presenciais.

Obxectivos: Integrar os coñecementos adquiridos nunha contorna simulada realista e executar intervencións completas baixo mando operativo.

Contidos: Extinción de incendios estruturais e forestais, rescate en accidentes de tráfico, fugas e verteduras, coordinación interinstitucional, avaliación de desempeño.

Recursos e Medios Didácticos

Plataforma virtual, manuais dixitais, vídeos, material de campo, torre de rescate, campo de lume, e equipos de protección individual e colectiva.

O sistema de puntuación será determinado antes do comenzo do curso.

A asistencia ás clases e seguimento das actividades que se organicen no desenrolo do curso selectivo será obrigatoria. Cando, durante o desenrolo do mesmo, se considere que algún/a aspirante houbera podido infrinxir as normas que o regulan e elo puidera supor a separación do curso, a entidade responsable da súa avaliación porá dita circunstancia en coñecemento do tribunal cualificador quen, previa audiencia ao/a interesado/a, emitirá, no seu caso, proposta motivada de separación do curso, aos efectos correspondentes.

Se durante o desenrolo do curso selectivo, se tivera coñecemento ou dúbidas fundadas de que algún dos/as aspirantes puidera carecer da capacidade funcional necesaria para o desempeño



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

das tarefas e funcións habituais da categoría obxecto da convocatoria, recabarase o informe preceptivo dos órganos técnicos competentes a tal efecto, o cal será evacuado no prazo máximo de dez días e terá carácter determinante para resolver. Se do contido do ditame se desprendera que o/a aspirante carece de capacidade funcional, dita circunstancia, por parte da entidade responsable, porase en coñecemento do tribunal cualificador, quen, previa audiencia ao/a interesado/a, emitirá, no seu caso, proposta motivada da súa exclusión do proceso selectivo, dirixida ao órgano convocante do mesmo.

Quinta. Programa da convocatoria.

Materias xerais:

1. A Constitución española de 1978. Os principios constitucionais. Os valores superiores. Os dereitos e deberes fundamentais. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais. A Coroa. As Cortes xerais. Composición e funcións. O Poder Xudicial, na Constitución de 1978.
2. A Administración pública: principios constitucionais. A organización territorial do Estado. As Comunidades Autónomas. As entidades locais territoriais. Os consorcios locais.
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia, natureza xurídica, principios xerais e poderes da Comunidade Autónoma de Galicia e das competencias en xeral.
4. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Requisitos: motivación e forma. A eficacia dos actos administrativos. A notificación: contido, prazo e práctica. A executividade dos actos administrativos.
5. Os contratos do sector público. Os principios xerais da contratación do sector público. Tipos de contratos do sector público.
6. A responsabilidade da Administración pública: Os presupostos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas.
7. Concepto e clases de empregados públicos. O persoal laboral: clases de persoal laboral. Normativa aplicable ao persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas . Dereitos e deberes do persoal. Código de conduta. Adquisición e perda da relación de servizo.
8. O Estatuto dos traballadores e normativa de desenvolvemento: Convenio colectivos na lexislación: concepto e eficacia, contido e vixencia.

Materias específicas:

1. Equipos e ferramentas. Equipos eléctricos e bolsas de elevación. Equipos hidráulicos de corte e extensión. Equipos de tracción e arrastre. Ferramentas utilizadas no apuntalamo e no apoio. Equipos e materiais de progresión con cordas. Escadas de salvamento. Equipos de salvamento acuático.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

2. Manobras de rescate. En accidentes de tráfico. En ascensores e maquinaria pesada. En transporte ferroviario, aeronaves e embarcacións. En estruturas colapsadas. En pozos e espazos confinados. Con autoescaleiras. Na superficie de medios acuáticos.

3. Física aplicada para bombeiros. Cinemática e dinámica. Máquinas. Equilibrio e estabilidade. Elasticidade. Estados da materia. Unidades de medida.

4. Equipamentos, ferramentas e medios móbiles para as operacións de control e extinción de incendios. Protección individual. Protección respiratoria. Equipamentos de aspiración e impulsión.

5. Manobras de control e extinción de incendios . Teoría do lume. Estabilidade, resistencia e reacción dos elementos de construción ao lume. Hidráulica. Incendios estruturais.

6. Intervencións básicas derivadas de eventos naturais, tecnolóxicos e antròpicos (I). Fenómenos atmosféricos que dan lugar a situacións de risco. Intervencións en riscos naturais: inundacións, ríos e riadas. Incidencias no transporte de mercadorías perigosas.

7. Equipos e ferramentas para operacións de asistencia técnica (I). Equipos de protección individual. Achiques e transvases. Apeos e apuntalamentos. Ferramentas de corte, taladro e percusión.

8. Equipos e ferramentas para operacións de asistencia técnica (II). Material de protección para traballos en presenza de electricidade. Material para xerar corrente eléctrica. Iluminación e sinalización.

9. Manobras de axuda técnica (I). Entibacións. Estabilización de elementos estruturais. Saneamentos de fachadas. Sinalización de perigos potenciais.

10. Manobras de axuda técnica (II). Operacións de achique de auga. Apertura de portas. Liberación de ascensores e maquinaria pesada. Rescate de animais. Manobras de corte de subministración urbana. Distribución de subministración en edificios.

11. Estabilización de elementos estruturais.

12. Comunicacións de emerxencia. Intervencións conxuntas de emerxencia.

13. Equipos, materiais e operacións de rescate. Equipos de protección individual. Equipos, ferramentas e equipamentos de corte. Equipos pneumáticos. Equipos hidráulicos. Equipos de elevación e arrastre.

14. Mantemento de medios móbiles.

15. Apoio psicolóxico para o persoal de emerxencias. Psicoloxía en situacións catastróficas.

16. Normativa de emerxencias e Protección Civil, Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil (I): Obxecto e finalidade, definicións. O Sistema Nacional de Protección Civil. Dereito á protección en caso de catástrofe. Dereito á información e a participación, dereito e deber de colaboración, deber de cautela e autoprotección. Planificación: normas básicas de



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

protección civil, Plan de Protección Civil e tipos. Resposta inmediata ás emerxencias, definición.
I. Competencias dos órganos da Administración Xeral do Estado.

17. Normativa SEVESO: Real Decreto 1196/2003, do 19 de setembro, polo que se aproba a Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas: criterios mínimos que terán que observar as distintas Administracións Públicas e os titulares dos establecementos para a prevención e o control dos riscos de accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas e Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas: ámbito de aplicación e definicións. Avaliación de perigo de accidente grave para unha determinada substancia perigosa. Obrigas xerais da industria. Decreto 172/2022, do 6 de outubro polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.

18. Conceptos xerais de incendios forestais: concepto, causas, partes do incendio, formas de propagación, modelos de combustible, tipos de lumes forestais. Factores que afectan á propagación do incendio forestal: vexetación, topografía, meteoroloxía. Ferramentas para a extinción de incendios forestais. Liñas de defensa. Técnicas e Métodos de Extinción. Seguridade do Persoal. Precaucións Xerais. Plan PEIFOGA. Obxecto e ámbito de aplicación. Niveis. Situacións de gravidade. Épocas de perigo. Director de Extinción.

19. Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia

20. Xeografía do consorcio: estradas, núcleos de poboación, concellos, polígonos industriais e rueiro aos mesmos.

21. Xeografía do consorcio: elementos patrimoniais e rueiro aos mesmos.

22. Topografía. rueiro aos principais accidentes xeográficos do ámbito do consorcio. Rede de ferrocarril da provincia de Pontevedra. Servizos de prevención e extinción de incendios na provincia de Pontevedra, parques, localizacións, ámbitos.

23. PLANTRANSGAL: Obxecto e ámbito de aplicación. Clasificación da situación de emerxencia: Niveis. Gravidade da emerxencia: Tipo de accidente. Zonificación. Descontaminación. Normas Xerais de Actuación en Intervencións con Mercadorías Perigosas.

24. Materias Perigosas: Acordo Europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas (ADR). Conceptos básicos de materias perigosas. Concepto. Clasificación. Identificación: etiquetas e panel laranxa. Riscos derivados da Natureza do Produto. Marcado e etiquetaxe de vultos, etiquetaxe mediante placas-etiqueta e paneis laranxa dos colectores, cisternas e vehículos. Carta de porte. Instrucións escritas. Fichas de intervención.

25. Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia: Obxecto e ámbito de aplicación. Principios xerais e obxectivos. Dereitos e deberes. Niveis de actuación e competencias das administracións: Competencias da Xunta de Galicia, Axencia Galega de Emerxencias, competencias



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

das Entidades Locais. A acción pública de protección civil e emerxencias: Planificación, clases de plans e contidos. O PLATERGA. As medidas de autoprotección privada. O persoal.

26. Normativa e instalacións de prevención contra incendios: Real Decreto 315/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación: Documento básico de seguridade en caso de incendio (DB-SI)

Real Decreto 164/2025, do 4 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios en establecementos industriais: ámbito de aplicación, requisitos que deben satisfacer os establecementos industriais. Actuacións en caso de incendios.

27. Ferramentas gráficas de dirección e control de intervencións.

28. Lei de prevención de riscos laborais e normativa de desenvolvemento (I): Obxecto, carácter da normativa e ámbito de aplicación. Política en materia de prevención de riscos para a protección da seguridade e saúde no traballo. Obxectivos.

29. Lei de prevención de riscos laborais e normativa de desenvolvemento (II): Dereito fronte aos riscos laborais. Principios da acción preventiva. Plan de prevención de riscos laborais, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva.

30. Real Decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual: obxecto. Criterios para o emprego dos equipos de protección. Condicións que deben reunir os equipos de protección. Utilización e mantemento dos equipos de protección individual., artigo 10. Guía técnica para a utilización polos traballadores de equipos de protección individual: Anexo 2, lista de equipos de protección individual en relación cos riscos contra os que protexen.

31. A motivación laboral: a motivación no contexto da organización. A comunicación dentro da organización: fluxos de comunicación na organización, redes de comunicación. A asertividade. A toma de decisións: modelos normativos e modelos descritivos.

32. I Convenio Colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

DEZASETE POSTOS DE BOMBEIROS-CONDUTORES, QUENDA LIBRE

Primeira. Número e características

Convócase a cobertura por persoal laboral fixo, de dezasete (17), postos de traballo de bombeiros-condutores/as, equivalentes ao subgrupo C2, dotada coas retribucións que figuran na Relación de Postos de Traballo de persoal laboral fixo.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Segunda. Sistema de selección

Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición.

Terceira. Condicións das persoas aspirantes

Ademais das condicións sinaladas na base cuarta das bases xerais as persoas aspirantes deberán posuír o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, ou estar en condicións de obtelo o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

Cuarta. Proceso selectivo

O proceso selectivo consta de tres fases:

FASE 1: PROBAS DE OPOSICIÓN. Teñen o carácter de obrigatorio e eliminatorio. Constan de 4 exercicios aos que lles outorgará unha puntuación total de 60 puntos, segundo a seguinte distribución:

PROBA	PUNTUACIÓN 60 PUNTOS	
EXAME TIPO TEST	35 PUNTOS	
PROBAS FÍSICAS	25 PUNTOS	Carreira resistencia 1000 m .5 puntos
		Test de Barrow..... 5 puntos
		Dominadas..... 5 puntos
		Press de banca.5 puntos
		Natación 5 puntos
PROBAS FÍSICO PROFESIONAIS	Apto / Non apto	Espazos confinados
		Traballo en altura
		Instalación de mangueras
COÑECEMENTO LÍNGUA GALEGA	Apto / Non apto	

FASE 2: CONCURSO: A suma das puntuacións obtidas no concurso terá unha puntuación máxima de 40 puntos, segundo a seguinte distribución:

CONCURSO DE MÉRITOS (40puntos)	PUNTUACIÓN 40 PUNTOS
EXPERIENCIA PROFESIONAL.....21 puntos	Bombeiro Administración Pública..... 10 pts
	Bombeiro empresa concesionaria..... 6 pts
	Servizo emerxencias supramunicipal..... 3 pts
	Voluntario protección civil, spdcif..... 2 pts
MÉRITOS ACADÉMICOS..... 5 puntos	Master universitario
	Titulación de grao universitario
	Titulación de ciclo superior
	Titulación de ciclo medio
CURSOS.....14 puntos	Cursos de formación.....11 pts
	Cursos de especialización.....3 pts

FASE 3: PROBAS DE CAPACITACIÓN.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

FASE 3: PROBAS DE CAPACITACIÓN. Teñen o carácter de obrigatorio e eliminatorio cada unha das probas desta fase, sendo preciso acadar a cualificación de apto en cada unha delas para superala.

Consistiran:

PROBAS PSICOTÉCNICAS	Apto / Non apto	Clima laboral
		Capacidade intelectual
		Personalidade
RECOÑECIMIENTO MÉDICO	Apto / Non apto	
CURSO SELECTIVO	Apto / Non apto	

Cada unha das probas ten carácter de obrigatorio e eliminatorio, sendo preciso acadar a cualificación de apto en cada unha delas para superar esta Fase.

As persoas aspirantes que non superen esta fase decaeran do proceso selectivo.

FASE 1: PROBAS DE OPOSICIÓN.

PRIMEIRO EXERCICIO “EXERCICIO TIPO TEST” de carácter obrigatorio e eliminatorio. A puntuación máxima que se pode acadar neste exercicio é de 35 puntos. Consistirá en contestar por escrito un exercicio tipo test, que constará de 100 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal dirixido a determinar os coñecementos da parte xeral e específica do temario. O tempo para a realización deste exercicio será de 120 minutos. Só haberá unha resposta válida.

Cada resposta correcta valorarase con 0,35 puntos; penalizándose as preguntas mal contestadas, de forma que por cada pregunta incorrecta se descontará 0,11 puntos. As preguntas en branco non penalizan.

No cuestionario poderán formularse problemas de tipo aritmético ou numérico que requiran a realización de cálculos.

O exercicio que se propoña conterà 10 preguntas tipo test de reserva que substituirán na súa orde aquelas preguntas que, no seu caso, acorde o Tribunal anular.

Para a formulación de preguntas dos temas 1 a 11 da parte específica, o tribunal utilizará os manuais de formación editados pola Asociación de Consorcios e servizos de Bombeiros de España (Conbe) en outubro de 2017 e que fan referencia aos módulos Formativos MF0401, MF0402, MF0403, MF0404 e a SEA534, elaborados como itinerario formativo para a obtención da cualificación profesional. <https://conbe.org/>

As puntuacións obtidas no exercicio tipo test publicaranse na no taboleiro de anuncios da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiossalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio. As



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das respostas correctas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas a través da Sede electrónica mediante instancia xenérica dispoñible na mesma <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>.

SEGUNDO EXERCICIO, "PROBAS DE APTITUDE FÍSICA" de carácter obrigatorio e eliminatorio cada unha das cinco probas que integra este exercicio.

A puntuación máxima que pode acadar este exercicio será de 25 puntos, a razón de 5 puntos cada proba.

Este exercicio será dirixido polo menos por un Técnico Especialista, designado pola Presidencia en calidade de asesor do tribunal cualificador e realizarase en presenza deste tribunal.

En función do número de opositores e do tipo de proba de que se trate, disporase da asistencia necesaria e asesores en número suficiente para garantir un obxectivo control e medición destas, reducindo ao máximo o factor humano.

Para a realización destas probas, as persoas opositoras deberán presentarse provistos do equipamento deportivo correspondente.

En calquera momento do desenvolvemento das probas físicas, o tribunal poderá convocar a aqueles aspirantes que considere para a realización dun control de dopaxe mediante a recollida dunha mostra de ouriños non inferior a 100 mililitros. Esta convocatoria realizarase por escrito, mediante o formulario de control de dopaxe oficial establecido nas normas da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte. A resistencia ou negativa expresa por parte do aspirante a realizar dita proba, ou a súa non presentación á realización da mesma no lugar e tempo en que sexa convocado de xeito non xustificadamente, suporá a exclusión inmediata do mesmo do proceso selectivo. Así mesmo, será motivo de exclusión a obstrución, non atención, dilación indebida, ocultación e demais condutas que, por acción ou omisión, eviten, impidan, perturben ou non permitan realizar controis de dopaxe na forma prevista na Lei, ou sempre que calquera aspirante evite voluntariamente, por acción ou omisión, a recollida de mostras a que estivese obrigado a someterse.

A lista de substancias e métodos prohibidos que se empregará de referencia para determinar se un resultado analítico é desfavorable, será a publicada pola Axencia Mundial Antidopaxe (WADA) para o ano 2022. Pódese consultar no seguinte enlace:

https://www.wada-ama.org/sites/default/files/resources/files/2022list_final_sp.pdf

A detección da presenza de calquera cantidade dunha substancia prohibida, ou dos seus metabolitos ou marcadores, na mostra de ouriños dunha persoa aspirante, suporá a súa exclusión do proceso selectivo, sen prexuízo do dereito de solicitude de realización de contra-análise que asiste ao aspirante, así como do seu recurso ao Tribunal Cualificador coas alegacións que estime oportunas.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

As persoas aspirantes que reciban tratamento habitual con algunha medicación susceptible de dar lugar a un resultado desfavorable, deberán solicitar ao tribunal cualificador, con antelación suficiente á realización das probas físicas (non inferior aos 14 días), unha autorización de uso terapéutico. O tribunal aplicará os criterios de avaliación empregados pola Convención Internacional contra a dopaxe no deporte e nas normas para a concesión de autorizacións de uso terapéutico adoptadas pola Axencia Mundial Antidopaxe.

A realización destes exercicios será pública.

Cada exercicio é obrigatorio e eliminatorio para pasar a realizar o seguinte; permitindo un único intento para cada un deles.

No desenrolo dos exercicios físicos, poderá realizarse o pertinente control Anti-dopaxe se así o decide o tribunal.

As puntuacións serán outorgadas segundo as táboas de notas de cada exercicio, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a nota mínima sinalada.

Probas:

1º.-Carreira de resistencia de 1.000 m : Situados no punto de partida, á voz de “listos-xa”, percorrer a distancia de 1000 metros por calle libre, permitíndose un só intento.

A efectos de descualificación, será de aplicación o regulamento da I.A.A.F. (Federación Internacional de Atletismo).

NOTA	TEMPO EN SEGUNDOS MASCULINO	TEMPO EN SEGUNDOS FEMENINO
2,5	3,29"	3,49"
2,75	3,24"	3,44"
3,00	3,19"	3,39"
3,25	3,14"	3,34"
3,5	3,09"	3,29"
3,75	3,04"	3,24"
4,0	2,59"	3,19"
4,25	2,54"	3,14"
4,5	2,49"	3,09"
4,75	2,44"	3,04"
5,0	2,39"	2,59"

A persoa aspirante quedará eliminada cando:

- Non acade a puntuación mínima
- Obstaculice a outros corredores con calquera parte do corpo
- Provoque dúas saídas nulas
- Non se eliminará ao aspirante que traspase puntualmente a liña interior do circuíto cando esté motivada pola acción doutro corredor.
- Non acade o tempo mínimo



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10


2º.- Proba de axilidade (Test de Barrow).

Posición Inicial: de pé ao lado do poste e trala a liña de saída.

Execución: A finalidade da proba é recorrer no menor tempo posible un circuío en forma de oito delimitado por cinco postes, catro de eles sinalando os vértices dun rectángulo de 8,66 por 5 metros, e o quinto no centro (ver gráfico). Os/as aspirantes deben completar dúas voltas ao circuío, unha en cada sentido (recorrido A e B, no gráfico). Poderanse conceder dous intentos. O segundo intento unicamente se realizará no caso de que o primeiro resultase nulo. Deixarase un minuto de descanso para o segundo intento. Terá a consideración de intento nulo cando:

- O/a aspirante derriba un dos postes.
- O/a aspirante colle un dos postes para evitar que caia.
- O/a aspirante sáese do recorrido, é dicir, se se sobrepasa ou se sae da liña ideal de carreira (aínda que volve polo percorrido correcto).
- Son causas de eliminación:
- Realizar dous intentos nulos nalgún dos percorridos (A ou B).
- Superar o tempo máximo previsto para a proba.

Puntuación: Sumarase o tempo empregado polos/as aspirantes en ambos recorridos (A + B), tendo en conta que estes finalizan cando o/a aspirante volta a cruzar a liña de saída.



NOTA	TEMPO EN SEGUNDOS MASCULINO	TEMPO EN SEGUNDOS FEMENINO
2,5 (mínima)	26"	32"
2,75	25,5"	31,5"
3,00	25	31"
3,25	24,5"	30,5"
3,5	24"	30"
3,75	23,5"	29,5"
4,0	23"	29"
4,25	22,5"	28,5"
4,5	22"	28"
4,75	21,5"	27,5"
5,0 (máxima)	21"	27"



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

3º.-Dominadas en escaleira ou en barra horizontal: Permitirase un só intento. A posición de saída será suspendido da escaleira ou da barra, cas palmas das mans ao fronte, cunha separación entre elas similar á da anchura dos ombreiros e partindo dende a posición de brazos e pernas totalmente estendidos, e os pes sen tocar o chan, sobrepasar co queixo a escaleira ou a barra. Descender o corpo ata que os brazos queden total e completamente estendidos.

Serán invalidadas as flexións que non se inicien ca extensión total dos brazos como posición de arrancada, as flexións nas que o queixo non sobrepase o plano horizontal que forman os dous largueiros da parte superior da escala ou ben a parte superior da barra, ou as flexións que se inicien sen respectar a indicación nin a orde do Tribunal.

Non se permitirá dar impulso cas pernas sacudíndoas nin mecerse. Só se contabilizarán as flexións feitas de xeito correcto.

Será motivo de eliminación descolgarse da escada ou da barra sen ter feito o mínimo de 12 repeticións de xeito correcto no caso dos homes e 8 no caso das mulleres.

NOTA	REPETICIONS MASCULINO	REPETICIÓN FEMENINO
2,5 (mínima)	12	8
2,75	14	10
3,00	16	12
3,25	18	14
3,5	20	16
3,75	22	18
4,0	24	20
4,25	26	22
4,5	28	24
4,75	30	26
5,0 (máxima)	32	28

Non se contabilizarán as que

- As extensións de brazos e ombreiros sexan incompletas
- Se balancee o corpo
- Se realice movemento dos talóns que supoñan axuda na execución
- Se realice movemento das rodillas que supoñan axuda na execución

4º.- Press de Banca: Sobre o banco en decúbito supino, agarre dígito palmar un pouco mais aberto da anchura dos ombreiros sobre a barra, o opositor fará unha flexión-extensión total e completa dos brazos ca barra, dende a altura dos ombreiros ata extensión total dos brazos. Cando se efectúe a flexión do cóbado, a barra deberá tocar o peito. Cando se faga a extensión total de brazos o cóbado deberá estar nun ángulo de 180º. Só se contabilizarán as flexións feitas do xeito correcto. A posición dos pés na primeira arrancada non poderá variarse durante todo o tempo de execución do exercicio.

Contaranse o número de extensións ou empuxes efectuados en sesenta segundos 60 cun peso de 40 kg para homes e 30kg para mulleres (peso da barra incluído).



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

NOTA	TEMPO EN SEGUNDOS MASCULINO	TEMPO EN SEGUNDOS FEMENINO
2,5 (mínima)	23	19
2,75	26	22
3,00	29	25
3,25	32	28
3,5	35	31
3,75	38	34
4,0	41	37
4,25	44	40
4,5	47	43
4,75	50	46
5,0 (máxima)	53	49

Ao aspirante remataránselle de contar repeticións cando:

- Levante algún dos pés completamente do solo (De darse esta situación, a persoa aspirante deberá manter a barra en alto ata o final do tempo)

O aspirante quedará eliminado cando:

- Deixe a barra antes da finalización do tempo indicado
- Pare o exercicio en flexión de cúbado
- Non realice as repeticións mínimas

5º.-Natación (50 metros)

Finalidade: Comprobar se a persoa aspirante se desenvolve con autonomía suficiente en medio acuático, sendo capaz de levar a cabo desprazamentos eficaces.

Descrición: O exercicio consiste en zambullirse e nadar 50 metros.

Posición inicial: De pé no borde da piscina na zona de saída, con bañador e gorro de baño. Permítese o uso de gafas de natación.

Desenvolvemento: A persoa aspirante situarase ao borde da piscina e á voz de aviso («aos postos»); a sinal de saída será dada por un membro do tribunal á voz de «XA», ou mediante un silbido, entón a persoa aspirante lanzarase á piscina iniciando o recorrido, finalizando o exercicio cando toque con calquera parte do corpo na parede vertical do vaso da piscina en zona de meta, ao final do último recorrido

Regras: Un só intento. En todo momento a persoa aspirante manterase pola calle asignada e delimitada polas corcheras; pode impulsarse na parede coas pernas ao final dos recorridos. Os recorridos considéranse realizados sempre que a persoa aspirante toque a parede con calquera parte do corpo.

É necesario dispor de chanclas para o acceso á piscina.

Invalidacións: O exercicio será nulo, eliminándose á persoa aspirante cando:




Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

- a) Para finalizar o exercicio, camiñe polo fondo ou se axude nas corcheras, estimándose que non finalizou a mesma.
- b) Se cambie de calle.
- c) Realice o exercicio nun tempo superior á marca establecida.
- d) Efectúe dúas saídas falsas, entendendo por saída falsa lanzarse á piscina antes da voz de saída

REPRESENTACIÓN ESQUEMÁTICA ORIENTATIVA

Zambullida + 50 m natación estilo libre



Puntuación: Anotarase o tempo invertido en segundos.

TEMPO HOMES	TIEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
49" ou máis	54" ou máis	Eliminado/a
47-48"	52-53"	2,5
45-46"	50-51"	2,75
43-44"	48-49"	3,00
41-42"	46-47"	3,25
39-40"	44-45"	3,50
37-38"	42-43"	3,75
35-36"	40-41"	4,00
33-34"	38-39"	4,25
31-32"	36-37"	4,50
29-30"	34-35"	4,75
27-28"	32-33"	5

As puntuacións obtidas neste exercicio publicaranse na no taboleiro de anuncios da Sede electrónica <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1> e na páxina Web www.depo.gal/es/consorcio-provincial-de-bomberos do Consorcio. As persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das respostas correctas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas a través da Sede electrónica mediante instancia xenérica dispoñible na mesma <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.1>.

TERCEIRO EXERCICIO. "PROBAS FÍSICO PROFESIONAIS" de carácter obrigatorio e eliminatorio cada unha das tres probas que integra este exercicio, cualificándose de apto/non apto.



Venres, 16 de xaneiro de 2026

Núm. 10

Estas probas teñen por obxecto:

Proba 1: Acreditar a tolerancia ao traballo en espazos confinados

Proba 2: Acreditar a tolerancia ao traballo en altura (vertixe e equilibrio).

Proba 3: Acreditar a soldadura e coñecemento do manexo do material básico de extinción de incendios.

Con independencia de que cada aspirante poida dispor do seu propio equipo de protección individual, para as devanditas probas prácticas, facilitaranse os equipos de protección individual necesarios, excepto o calzado de seguridade que deberá traer cada aspirante.

Na execución destas probas será de obrigado cumprimento a normativa en materia de prevención de riscos para este tipo de actividades.

Proba 1: Acreditar a tolerancia ao traballo en espazos confinados

Implica detectar a patoloxía na que os espazos pechados e escuros producen (na persoa que a padece) un estado de nerviosismo que lle impide realizar tarefas rutineiras de rescate ou extinción de incendios. Ao avaliar esta proba, o tribunal pode propoñer a asistencia de asesores médicos.

Serán declarados aptos os candidatos que non presenten síntomas de claustrofobia ou desorientación e non superen o tempo máximo establecido para o exercicio.

